

SERGIO LÓPEZ GARCÍA SECRETARIO DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS (OPP) DE LUGO

«Urxe deseñar un marco flexible para aplicar a prohibición dos descartes»

REPERCUSIÓN. LÓPEZ AFIRMA QUE O ARRASTRE «SERÁ O SECTOR MÁIS AFECTADO SE NON SE FAI UNHA REGULACIÓN AXEITADA» POR: J.R. FOTOS: JOSÉ M^a ÁLVEZ

A PREOCUPACIÓN medra na flota pesquera mariñán ante a falta de reposta sobre as medidas que debe adoptar a Comisión Europea para cumprir a normativa de desembarco de todas as capturas, que será obrigatorio a partir do 1 de xaneiro de 2019. «A regulación da prohibición de descartes require unha solución urxente. A Comisión Europea ten que fixar un marco regulatorio que garanta a flexibilidade na aplicación da norma, sobre todo no caso das pesquerías mixtas e o arrastre. A nosa flota de palangre de superficie, dedicada ao peixe espada e ao bonito, non se verá afectada. O mesmo sucede coa de palangre de fondo, que faena en augas de Gran Sol con métodos moi selectivos e cunhos descartes son mínimos. O meollo da cuestión está na adaptación dos descartes a flota de artes menores, de escasa dimensión na Mariña, que se dedica a pesquerías multiespecíficas que nalgúns casos non están suxeitas a cotas de capturas. O arrastre terá problemas importantes, xa que no caladoiro nacional pesca especies cun Tac limitado e cuxa captura non é fácil evitar en determinadas épocas, como o verdel en primavera.

Por que solicitan unha maior flexibilidade na aplicación das cotas?

A flota de arrastre podería ver reducida a súa rendibilidade se ve

«Ao calcular os descartes, mil quilos de carnavalito, cun valor de venta cero, non poden equivaler a mil de xurelo»

«O Brexit é unha incógnita, pero agardo que haxa sentido común»

rebaixado o seu cupo de especies de intereses pola capturas de especies sen aproveitamento comercial como o carnavalito. Este peixe ten Tac porque o pediron países do norte, que o usan para facer fariña. Para a nosa flota non ten ningún valor, polo que o lóxico sería fixar



Sergio López.

unha normativa que favoreza a flexibilidade. Por exemplo, mil quilos de carnavalito non poden equivaler a mil de xurelo. O normal sería facer unha equivalencia de mil quilos de carnavalito por un de xurelo.

Provocarán os descartes desaxustados na xestión dos TACs?

É necesario concretar as consecuencias da captura accidental dunha especie cuxa pesquería esta pechada. Estas cantidades adicionais poden obrigar a cambiar os criterios de xestión do esforzo pesquero para fíxalo en días. É unha cuestión complexa. Organizacións

pesqueiras e sindicatos do comité rexional do Sur, ao que pertencen España, Francia, Portugal e Bélxica, plantexamos as nosas demandas. Estamos á espera de que a Comisión Europea fixe o marco regulatorio antes do 31 de maio, que é a data tope para resolver estas cuestións.

Que efectos terá o Brexit sobre os barcos que faenan nas zonas VI e VII do caladoiro comunitario?

A pesca, do mesmo xeito que outros sectores económicos, están pendentes dos resultados das negociacións. Haberá que ver como se conxugan os intereses británicos e comunitarios e si finalmente se reduce o acceso dos nosos barcos a esas zonas de pesca e, de ser así, coñecer cales nos darán a cambio. O Brexit é unha incógnita, pero confío que impere o sentido común. Tamén terá repercusión nos fondos estruturais a partir de 2020, pois Gran Bretaña é o segundo país que máis aporta. Tamén se aposta polo desenvolvemento dunha política marítima que integre a pesca, os mercantes e o medio ambiente. A Política Común de Pesca busca a regularización da política pesqueira por zonas que se adaptarían a determinados tipos de especies e barcos. Na actualidade tamén se están negociando regulamentos técnicos sobre as medidas de mallas e outras cuestións co fin de harmonizar normas e facer regulamentos máis xustos.

¿Como se presenta a costeira do bonito?

Non ten problemas de cota, pero cada vez so menos os espadeiros e barcos polivalentes que se dedican a esta pesquería ante a caída da rendibilidade. A presenza de arrasteiros peláxicos irlandeses e franceses, que pescan de noite e provocan que os bancos de bonito se despracen cara a outras zonas, obrigan á nosa flota artesanal a iniciar a súa busca de novo. Baixaron as capturas, aínda que Burela segue a ser un porto líder nesta pesquería pola descarga de buques de todo o Cantábrico.

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEM)

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA

«Fomentamos prácticas de pesca selectiva que ayuden a evitar y reducir las capturas no deseadas»

Merluza de Pincho capturada One to One en los caladeros de la UE durante todo el año

Organización de Productores Pesqueros de Lugo